



EEI VILALAURA

BOLETÍN
NÚMERO 7

DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

DECEMBRO
2010

Chegou o Nadal! Este é un tempo máxico para os nenos, no que se fai balance do seu comportamento e se cumpren os seus desexos. É tamén un momento de vacacións no que os horarios son máis axeitados para poder emprender calquera tipo de ensinanzas. Dende a escola animámosvos a aproveitar este tempo tan cheo de emocións para acadar unha importante meta: que os nenos deixen de lado o chupete.

Os nenos adoitan esquecer pouco a pouco o chupete cando cumpren 3 ou 4 anos, incluso antes. Cando non sucede así, ás veces os pais pensamos que, se llelo quitamos de diante e non o ven, acabarán esquecéndoo. Nada máis erróneo, ao quitárllelo de golpe, non é raro que busquen substitutos como, por exemplo, chupar o dedo.

Debemos saber que este hábito adoita provocar malformacións no padal, na dentadura e na musculatura bucal en xeral que logo haberá que corrixir. A nosa actitude é fundamental para conseguir este obxectivo. Por iso imos dedicar este número a propoñer unha serie de estratexias encamiñadas a deixar este costume dun xeito suave, tranquilo e estimulante para o noso fillo.

QUI TAR O CHUPETE!

1. FALA CO TEU FILLO OU FILLA

Explícalle as razóns polas que é necesario deixar o chupete. Dille que xa é maior, que vai á escola e que non o necesita. É moi importante que te asegures de que comprende o que vai pasar.

Podes acordar un intercambio, cambiar o chupete por algunha outra cousa: un xoguete que lle guste, algún libro, unha película, unhas vacacións especiais...

O chupete axuda o neno a relaxarse, ensínalle outras formas

adhesivos que o neno colocará se non usou o chupete.

4. RECORDA

Correxiremos mellor un comportamento se premiamos ou reforzamos os momentos positivos.

Insiste, non te frustres se non acadas resultados de éxito en pouco tempo. Non decaias e perseque o

de calmarse. Pola noite podes utilizar un peluche, unha manta suave, unha masaxe... Durante o día procura que estea ocupado; se o ves co chupete, dálle unha alternativa de actividade divertida. Sácallo mentres xoga.

2. DETERMINA METAS

Podes sacar o chupete de forma progresiva limitando os espazos onde o neno poida usalo, comeza con un ou dous lugares: pola noite e á sesta ou no coche. Reduce pouco a pouco o tempo e os espazos. Cando quede durmido, quitállo.

3. ELÓXIAO

obxectivo sen forzar situacións e con calma.

FELICES

FESTAS!

Dille o orgulloso ou orgullosa que te sentes de ver que se comporta como un neno maior. Non esquezas que o máis importante para un neno é a aprobación dos seus pais.

Non empregues o castigo nin a humillación con expresións como: "pareces un bebé", "deixa de chupar". Ten en conta que ao neno lle custa abandonar un hábito que lle achega seguridade.

Trata de reforzar as actitudes adecuadas. Podes empregar unha táboa de eloxios con

